

# A voltas coa homologación

Cando no mes de febreiro de 1987 se publica a Plataforma reivindicativa que levaría ó Ensino Público non Universitario á folga do curso 1987-88, aparecía como un dos elementos determinantes da mesma a Homologación retributiva.

Por esas datas, o tema da discriminación salarial dos funcionarios docentes respecto ó conxunto da Administración, era, unha cuestión fondamente arraigada no profesorado, aínda que se formulaba máis dun xeito intuitivo que científico, ó non existir ningún estudio serio neses momentos, sobre estas diferencias nas retribucións.

Para suplir esta lagoa, a Federación do Ensino de CC.OO. abordou un riguroso traballo sobre a situación retributiva na Administración, demostrando nas conclusións do mesmo, de xeito categórico, que a discriminación que se intuía por todo o profesorado, tiña unha base real.

Nas múltiples assembleas que ó longo do conflito se desenvolveron, foi asentándose no profesorado unha máxima, que desde CC.OO. asumíamos dende un principio: «A homologación é máis o recoñecemento dun dereito que a reivindicación dunha determinada cantidade de diñeiro». Ou sexa, o importante era conseguir que a Administración recoñecese que as retribucións dos funcionarios docentes deberían estar homologadas coas dos funcionarios de igual categoría.

A asunción por parte do colectivo docente da reivindicación da homologación, demostrouse taxantemente nas assembleas previas ó referéndum sobre o preacordo de Maio, e loxicamente nos resultados do mesmo. Non nos cabe ningunha dúbida de que un dos elementos fundamentais no rexeitamento do preacordo foi precisamente a ausencia do recoñecemento do dereito á homologación.

Por iso, dende a Federación do Ensino de CC.OO. valoramos no seu momento positivamente os acordos co MEC e coa Consellería de Educación, que nese apartado contemplaba: «... se aborde a reforma do sistema retributivo do persoal docente non universitario en forma tal que as retribucións do mesmo estén homologadas coas que perciben os funcionarios de igual categoría».

Dende esta Federación salientabamos que a importancia destes acordos non estribaba só nos incrementos retributivos conseguidos, 24.163 pesetas mensuais para os mestres de EXB e 25.097 para os de Ensino Medio, das que están pendentes de cobrar 9.000 pesetas ó final do proceso, en setembro do vindeiro ano. A cuestión fundamental é o recoñecemento de que a homologación é un proceso dinámico, de xeito tal que a comparación das retribucións dos funcionarios docentes e non docentes debe ser un instrumento permanente para evitar que unha homologación conseguida un día, se perda no seguinte.

Según os nosos estudos, cos incrementos previstos no acordo de febreiro aproximabámonos satisfactoriamente á homologación retributiva cos funcionarios non docentes. Con posterioridade, a Xunta de Galicia aprobou a aplicación do novo sistema retributivo dos funcionarios dependentes da Administración Autonómica, transformando o contido do noso convenio.

Coa aprobación das novas retribucións, un funcionario do grupo B cobrará como mínimo 14.273 pesetas máis que un profesor de EXB; e se ese funcionario ten unha xefatura, a

diferencia será de 49.833 ptas. A situación no grupo A é máis ou menos similar, neste caso un funcionario non docente cobrará 18.446 pesetas máis ó mes que un profesor de Medias e, se ten xefatura, a diferenza será de 91.449 ptas.

A vista destes datos podemos comprender con total claridade a importancia de que no Acordo aparecesen o recoñecemento e o compromiso da Administración de homologar as retribucións dos funcionarios docentes e non docentes. Así mesmo agora se comprenden tamén as resistencias que a Administración puxo á introducción deste concepto e o esforzo e traballo que a todo o profesorado nos custou logralo.

Agora as bases están postas, é necesaria a súa concreción e dende este Sindicato esixiremos de xeito inmediato o cumprimento do Acordo en materia de homologación.

O camiño terá atrancos, será difícil, pero como na folga do curso 87-88, o conxunto do profesorado, ombro con ombro con CC.OO. pode ter a seguridade de que ó final o lograremos.